



Formados por laxes de pedra  
–xisto nas medianeiras ou aleiros,  
pedra ou zinc nas fiestras– prote-  
xen o noso tellado na unión con  
muro veciño e a nosa fachada; o  
sistema é sinxelo e moi efectivo.



## O tornachoivas

### 61. Que é?

No encontro do tellado co muro ou no seu bordo sobre a medianeira adoitábase colocar o tornachoivas. Trátase dun elemento construtivo formado de laxas de pedra superpostas fixadas na medianeira ou sobre o muro desta para protexer este encontro ou a parte superior do muro da entrada de auga de choiva. Coñécese tamén co nome de "topete".

### 62. Pódese quitar?

Pola súa solidez e sinxelo funcionamento, e salvo que o tellado vaia ser recolocado por riba, este elemento arquitectónico é a mellor solución para resolver este encontro conflitivo. Debaixo del acubíllase a última tella do bordo, e aínda queda espazo para introducir a impermeabilización se desexamos engadir un elemento de protección baixo as tellas.

### 63. Como se conserva?

A penas necesita mantemento. Para asegurar un mellor funcionamento, pódese colocar unha lámina de chumbo que, introducida por debaixo das tellas pero por riba da prancha impermeabilizante, remate contra o muro por debaixo do tornachoivas. Se este está colocado sobre a cabeza do muro medianeiro, é importante que as súas pezas estean ben suxeitas con morteiro para previr a súa caída cara á rúa.